

Resolución reitoral do 10 de xaneiro de 2025, pola que se modifica a estrutura orgánica do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga e do Centro de Documentación e Arquivos da UDC

O Centro de Documentación Europea, actualmente dependente do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, integrárase no Centro de Documentación e Arquivos da UDC (CEDAR), por ser o CEDAR unha unidade especializada no tratamento e na xestión da documentación da Universidade, na súa custodia e na súa accesibilidade aos membros da comunidade universitaria e á sociedade en xeral.

De acordo con isto, facendo uso das facultades de organización que me confiren os Estatutos desta Universidade e as demais disposicións de aplicación xeral,

RESOLVO modificar a estrutura orgánica do CEDAR para integrar nel ao Centro de Documentación Europea.

Esta disposición entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

O Reitor

Código Seguro De Verificación	i6plftc+oo5ie3iC2sIWLg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	10/01/2025 16:54:36
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/i6plftc+oo5ie3iC2sIWLg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

